

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL O DÍA VINTE DE MAIO DO 2013**

SRES. ASISTENTES:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a.M^a Emma Álvarez Chao.

SRES. CONCELEIROS.

D. Vidal Mtnez-Sierra López.

D. Dino Vidal García.

D. Pablo Maseda Fernández.

D^a.M^a Guadalupe Flórez Seivane.

D. Antonio Reigosa Pedreira.

D^a. Rocío López García.

D^a. M^a.Mercedes Dengra Sixto.

D. Miguel Castrillón Fernández.

D.César Docampo Fernández.

NO ASISTE:

D. Carlos Rivas Rivas.

Secretaria:

D^a.Begoña González Pedregal.

=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as doce horas trinta minutos do día vinte de maio do 2013, reúnense os señores concelleiros electos numerados ó marxe, e actuando como Secretaria e dando fe do acto, D^a M^a. Begoña González Pedregal, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia pasouse ao exame e deliberación do asunto comprendido na Orde do Día, adoptándose os acordos que seguidamente se relacionan:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 15/02/2013.

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, de data QUINCE de FEBREIRO do DOUS MIL TRECE (15/02/13) distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta de dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O DÍA 11/02/2013 ATA O DÍA 09/05/2013.

A continuación deuse conta das Resolucións da Alcaldía dende o día 11/02/2013 ata o día 09/05/2013 quedando o Pleno ao tanto do contido de todas elas.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE AGRADECIMENTO D^a ROSARIO GONZÁLEZ VILALBA DE 18/02/2013.

Seguidamente pola Alcaldesa, Sra. Emma Álvarez Chao, deuse lectura ao escrito achegado por D^a Rosario González Villalba, de data 18/02/2013, sendo o seu contido o que se transcribe a continuación e quedando o Pleno ao tanto do contido do mesmo:

" Rosario González Villalba, viuda de José María López Noceda, en su nombre y en el de su familia, quiere expresar su más profundo agradecimiento a la Corporación del Ayuntamiento de Lourenzá, por el ofrecimiento de la Casa Consistorial para la instalación de la Capilla Ardiente de su esposo, así como la atención prestada en todo momento, la

organización y el arropamiento que sentimos durante esos días tan tristes para todos nosotros".

4º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22/03/2013 POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACION DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2012 ASÍ COMO AS BAIXAS EN DEREITOS E OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS DE EXERCICIOS PECHADOS.

Neste punto da orde do día deuse conta ó Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da aprobación, por acordo da Xunta de Goberno Local de data vintedous de marzo do dous mil trece, da Liquidación do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio do 2012. O Pleno da Corporación quedou enterado de dita aprobación.

Igualmente deuse conta do Expediente tramitado a proposta da Alcaldía para dar de baixa obrigacións e dereitos recoñecidos pertencentes á agrupación de presupostos pechados dos exercicios 2005-2011, ascendendo o seu importe a Seis mil douscentos corenta euros con dous céntimos (6.240,02.-) no que refírese á Obrigacións e Douscentos cincuenta e unha mil douscentos vintenove euros con cincuenta e oito céntimos (251.229,58.-), no caso de Dereitos recoñecidos.

5º.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DAS FACTURAS DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO DO 2013 ACERCA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DA ENTIDADE DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta dos informes trimestrais do PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2013 relativos ao cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas da entidade así como da relación de facturas ou documentos xustificativos os cales foron coñecidos polo Pleno do Concello.

Igualmente infórmase que ditos informes foron remitidos ao Ministerio de Economía e Facenda o día 17/04/2013, tal e como queda constancia no expediente.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2013 DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE.

Seguidamente deuse conta do informe do primeiro trimestre do 2013 elaborado por Secretaría - Intervención e referente ao seguimento do Plan de Axuste que fora aprobado na sesión plenaria de 30/03/2012 e dando cumprimento ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012 de 24 de Febreiro.

7º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE 22/03/13

REFERENTE AO INICIO DO EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DO ESCUDO HERÁLDICO E A BANDEIRA.

Neste punto do orde do día pola voceira do Partido Popular, Sra. Flórez Seivane informouse do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación coa necesidade da aprobación do Escudo Heráldico para o Concello posto que o que existe na actualidade non estaba actualizado, non fora aprobado regulamentariamente nin era constitucional, e que por parte da Fundación Padre Sarmiento fixéranse varios bosquexos e que o equipo de goberno o que quería era busca-lo consenso cos demais grupos políticos e tamén coas diferentes asociacións do concello e para iso organizara xa unha reunión previa, anterior a adopción do acordo pola Xunta de Goberno e despois, unha vez elaborado o estudio, faría o mesmo, xa que senón se consensuaba, seguiríase como ata agora, o escudo actual non sería mais que un logo, e terían que utilizar o escudo de España. Á pregunta da concelleira portavoz do P.S. de G.-P.S.O.E. Sra. López García, de se tiveran resposta de tódalas asociacións, contestoulle que posteriormente faríase un chamamento máis personalizado.

Por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Docampo Fernández preguntouse de se esta iniciativa tiña algún custo para o concello, posto que nese caso consideraba que había actuacións máis importantes que facer e isto poderíase pospoñer e incluso usar o escudo de España " se facía falla" e que el soamente votaría a favor se quedaba claro que non supoñía ningún desembolso económico.

Por parte da Sra. Flórez Seivane e por parte da Alcaldía indicouse que sería totalmente gratuíto para o concello.

A Sra. López García preguntou se íanse a aproveitar as carpetas e o papel que había porque non estaban os tempos para malgastar, ao que se lle contestou por parte da Alcaldía que este tema non se resolvería de hoxe para mañá e que por suposto aproveitaríase todo o material de oficina que houbera.

Pola Pleno valorouse o feito de que, á vez que solicitábase a elaboración do escudo, se pedira tamén a elaboración dunha proposta para a bandeira do concello.

Así pois, visto que o Concello non dispón de medios económicos suficientes para a elaboración dunha proposta propia,

Visto que o artigo 16 do Decreto 19/2010 de 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de símbolos das Entidades Locais de Galicia, establece que os Plenos das Entidades Locais teñen a facultade de adoptar por maioría absoluta os acordos relativos á aprobación, modificación ou rehabilitación dos escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos,

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, e polo tanto coa maioría requirida, ACORDOU :

PRIMEIRO: Ratifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local nos termos nos que está redactado e como consecuencia solicitar á Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia a elaboración da correspondente proposta de escudo heráldico e bandeira do Concello de Lourenzá para a súa posterior aprobación polo Pleno da Entidade, de conformidade co disposto no Decreto 19/2010 de 11 de febreiro, xa citado.

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa, D^a. Emma Álvarez Chao, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

8º.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS.

A continuación deuse conta da Proposta da Alcaldía referente ao Expediente de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación dos servicios das Escolas Deportivas e tomando a palabra a voceira do goberno municipal, a Sra. Flórez Seivane, explicouse que tendo en conta que fora unha das taxas que quedara sen actualizar nos pasados plenos, o equipo de goberno considerou conveniente actualiza-lo prezo por este servizo e para elo tiveron en conta o que se cobraba nas escolas deportivas de Mondoñedo, xa que había un convenio asinado con eles e moitas das actividades facíanse de maneira conxunta.

O que propoñía o seu grupo era elevalo a seis euros (6) mensuais durante nove meses, o que supón 54 euros a tempada (ata agora cobrábase 4,61 euros por oito meses), e seguiríase mantendo a posibilidade de que se fixera nun pago único ou en dous pagos fraccionados.

Seguiu dicindo que consideraban que non era un prezo excesivo por tódolos servizos que se ofrecían dende as escolas deportivas e pretendían que esta pequena actualización contribuíse a sufragar un pouco máis o custo do servizo aínda que quedaba claro que era imposible que se autofinanciara por si mesmo.

Pola súa parte, o representante do B.N.G., Sr. Docampo Fernández, indicou que, á vista das cifras do informe do técnico, a súa opinión era de que a oferta das escolas deportivas en Lourenzá era excesiva, polo seu custo, para un concello da nosa entidade poboacional, que era un "luxo" que non podía permitirse, que gastábase máis que en servicios sociais ou que noutros temas de interese xeral. Que aínda que o incremento da taxa e a taxa en si, non eran excesivos, habería que pensar se o concello tiña capacidade para prestar dito servizo nesas condicións e con esa diferenza entre gastos e ingresos, porque gastar case 60.000 euros (dez millóns das antigas pesetas) nas escolas parecíalle unha barbaridade, cando case non había para gastos sociais ou para camiños e que habería que ver os gastos do Concello de Mondoñedo.

Que o concello tiña que ser realista e que facturas como a dos gastos do gasoil, seguro e reparacións do vehículo das escolas así como os gastos de desprazamentos eran pouco menos que sorprendentes para un concello con menos de 2.500 habitantes e que quizá o tamaño das escolas ou das súas ofertas non era o adecuado para Lourenzá se tiña que asumir semellante gasto, que parecíalle un pozo sen fondo, que non había recursos para tanto gasto, que lembraran que tiveran que acudir a un Plan de Provedores e un Plan de Axuste precisamente por ese motivo e que habería que enfocar as escolas deportivas doutra maneira, non tanto a nivel semiprofesional.

Tamén por parte da voceira do P.S. de G.-P.S.O.E., Sra. López García, manifestouse que o incremento proposto non era alto pero que os gastos estaban totalmente desfasados.

Pola súa parte, a Sra. Flórez Seivane rebutiu as súas palabras no sentido de que moitos dos gastos que se recollían no expediente non eran das escolas deportivas, concretamente os gastos do pavillón municipal e o campo de fútbol, posto que eran instalacións que tamén utilizaban usuarios alleos ás escolas deportivas e que estes pagaban unhas taxas pola súa utilización, como eran os equipos de fútbol sala ou bádminton, pero que como non pertencían ás escolas non se contemplaban como ingresos a reducir no gasto xenérico destas.

Por parte de Intervención aclarouse que no caso do Pavillón aparecían recollidos estes ingresos no informe técnico.

Seguiu indicando que había outra serie de actividades como era a utilización das instalacións do pavillón pola escola municipal de música e danza para os ensaios de canto, baile e pandeireta ou cando había un exceso de peregrinos para acoller no albergue oficial, estes derivábanse ás instalacións do pavillón municipal, cobrándolles a pertinente taxa (de 3 euros para os que dormen no chan e 5 euros para os que usan liteira noutra dependencia anexa ao pavillón), co cal habería que ter en conta que hai unha serie de ingresos que non contan como actividade deportiva pero en cambio incrementarían os gastos das propias instalacións de carácter municipal e incluso, os propios nenos do colexio tamén utilizaban, nas horas de educación física, o pavillón municipal porque estaba anexo ás dependencias do centro.

Tamén tomaron a palabra o Sr. Reigosa Pedreira para dicir que para él as escolas eran un emblema para Lourenzá e o Sr. Martínez-Sierra, para dicir que se miraban cal fora o programa do BNG. nas anteriores eleccións municipais verían que ía incluída unha piscina climatizada para a parroquia de San Adriano ao que respondéuselle , por parte do Sr. Docampo Fernández, que, daquela, el non estaba na corporación e que no era o tema do debate.

O Sr. Docampo Fernández insistiu na súa idea preguntando cando se gastaba en temas culturais, que comparado con isto, era cero, que naturalmente el estaba a favor de que houbera escolas e que se fomentara o deporte dende o concello, pero non a tan altísimo custo, que seguramente foran das mellores da Mariña, quizá a mellor, pero non era sostible.

A concelleira de cultura e voceira do equipo de goberno, Sra. Flórez Seivane informoulle que no caso da biblioteca actualizábanse os fondos tódolos anos e facíanos segundo a demanda que tiveran.

Por parte da Sra. Alcadesa indicouse que estaban falando dos gastos do ano 2012, que para o 2013 estábanse tomando medidas para aforrar custos e que falarían despois dun ano e que o que pretendíase coas escolas era que a xuventude en lugar de estar na rúa cun tempo de ocio mal empregado, tiveran a oportunidade de ocupalo facendo deporte e sen ningún tipo de desigualdade social posto que nas Escolas entraban todos.

Pola Sra. Flórez Seivane finalizouse o debate matizando que o goberno local de Lourenzá consideraba que estaba suficientemente xustificado, pois aínda que a taxa non cubrira ao cen por cen do custo das escolas deportivas a idea do Partido Popular en relación coas escolas deportivas consistía en ofertar unhas opcións de ocio para o tempo libre da xuventude laurentina e

ao longo destes case vinte anos que levaban funcionando demostraron que eran algo totalmente beneficioso para os xoves de Lourenzá, que tratábase de ter un ocio lúdico positivo lonxe doutras actividades nocivas para a saúde, e ademais fomentar o propio sentimento de equipo, creando un arraigo entre a xuventude de Lourenzá así como un afán de superación dun mesmo e un compañeirismo nas viaxes de equipo, etcétera.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do Partido Popular e catro en contra, do P.S. de G. e P.S.O.E., ACORDOU:

PRIMEIRO.- Modifica-lo parágrafo primeiro do artigo terceiro referente á contía da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación das Escolas Deportivas Municipais que quedara redactado da seguinte forma:

"A contía da Taxa fíxase en Seis (6) Euros mensuais durante nove meses, por alumno e mes, que se abonarán nos meses de decembro e marzo."

SEGUNDO.- Somete-la modificación aprobada da ordenanza aos requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante un prazo de trinta días e anúncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa os artigos 49 y 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril.

TERCEIRO.- A modificación aprobada da Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

9º.- EXAME E MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA "MENIÑOS".

Neste punto da orde do día, pola voceira do Partido Popular, Sra. Flórez Seivane, explicouse que por instrucións da Consellería de Traballo e Benestar facíase necesario modificar a Disposición Derradeira do Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia "MENIÑOS" que fora aprobado na sesión plenaria celebrada o pasado quince de febreiro do ano en curso, no sentido de que se citaban nesa disposición leis que están derogadas , concretamente a Lei 4/1993 de 4 de abril, de Servizos Sociais e a Lei 3/1997 de 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, que deberán ser substituídas pola Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e pola Lei 3/2011 do 30 de Xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia (DOG. núm. 134 de 13 de xullo). Indicou que o resto das modificacións feitas no Regulamento xa estaban vixentes posto que estiveran expostas ao público durante o período regulamentario e non houbera modificacións e de feito xa

había un neno que levaba a comida e había varias persoas que manifestaran o seu interese para o curso que ven pero que no caso do Punto de Atención á Infancia non é como nos colexios, posto que non hai un período de matrícula e os casos van xurdindo no día a día.

Así pois o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aproba-la modificación da Disposición Derradeira do Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia "Meniños", e polo tanto substituír a redacción actual que reza da seguinte maneira:

"Disposición Derradeira.-Para o non previsto neste regulamento estarase ó exposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 4/1993 de 14 de abril de Servizos Sociais, Lei 3/1997 de 9 de xuño, Lei galega da familia, a infancia e adolescencia, o Decreto 329/2005, de 28 de xullo, que regula os centros de menores e os centros de atención á infancia, e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores."

Pola modificación que se propón, que é do seguinte tenor:

" Disposición Derradeira.-Para o non previsto neste Regulamento estarase ó exposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, Lei 3/2011 de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG. núm.134 do 13 de xullo) e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores".

SEGUNDO.- Expoñe-lo ó público por prazo de trinta días hábiles considerando que queda aprobado definitivamente no caso de que non se presentasen reclamacións ó mesmo de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora do Réxime Local e no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local

O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción do Regulamento modificado haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

10º.- EXAME E APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ORDENANZAS SEGUINTE:

En primeiro lugar, pasouse a debater o texto das Ordenanzas Municipais que se transcriben a continuación, a saber:

a) Ordenanza Municipal Reguladora do Uso e Aproveitamento Especial de Vías Públicas e Espazos de titularidade municipal e derogación da ordenanza vixente.

Neste primeiro apartado, pola voceira do Partido Popular, Sra. Flórez Seivane fíxose un pequeno resumo de como fora a xestación desta ordenanza, indicándose que nun primeiro momento elaborárase unha Ordenanza Xeral conxunta, na que se incluían as fianzas, que regulaba o uso e aproveitamento especial tanto dos camiños como das pistas forestais, dita Ordenanza fora exposta ao público téndose presentado alegacións por parte

da Confederación Galega de Empresarios da Madeira e posteriormente, enviárase á asesoría xurídica da Xunta para que a informase.

Nestes intres, por parte da Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa formulouse a posibilidade de redactar unha Ordenanza conxunta e común para tódolos concellos, xa que todos sufrían os mesmos problemas e así evitaríanse diferencias de trato cos madeireiros.

A continuación tomou a palabra a Sra. Alcaldesa quen indicou que dende a Mancomunidade colleron como base, ela e o secretario da Mancomunidade, a Ordenanza que fora aprobada polo concello de Lourenzá así como o informe xurídico que, sobre a mesma e a petición do concello, elaborara o Servicio de Xestión de Montes da Consellería de Medio Rural e do Mar e con iso, elaborouse este novo texto que agora tráese ao Pleno para a súa aprobación, con algunha modificación que adoptouse posteriormente na Mancomunidade, como era o caso do importe das fianzas, que a primitiva tiña fixado un límite de 3.000 o 4.000 euros cando pola súa lonxitude o importe fora máis elevado segundo fora estrada ou camiño, e agora non había límite e a fianza ía en función dos metros de vía, co que ela non estaba moi de acordo, pero era o texto que, democraticamente, quedarase que aprobarían tódolos concellos da Mancomunidade. Tamén puntualizou que ata agora o único texto vixente era o Convenio sobre regularización da utilización das vías públicas dos concellos no exercicio da actividade do sector forestal, subscrito coa Asociación Provincial de Empresarios da Primeira Transformación da madeira de Lugo e a primeira Ordenanza Municipal Reguladora do uso e aproveitamento de vías públicas e pistas forestais no concello de Lourenzá, que fora aprobada na sesión plenaria de vinte e catro de xaneiro do dous mil once e na que non se incluían as fianzas.

A continuación tomou a palabra o concelleiro do B.N.G., Sr. Docampo Fernández quen matizou que a pesar do Convenio aprobado coa Confederación Galega de Empresarios da Madeira, o resultado era que as pistas estaban cada vez máis desfeitas, e polo tanto consideraba que a aprobación da Ordenanza en cuestión era moi necesaria, que non era sostible nin aceptable que se investirán un montón de cartos na conservación das pistas para que despois foran destruídas polos madeireiros en dous días. Continuou dicindo que o único que temía era que a posta en práctica da mesma fora inviable, que o concello non tiña os medios necesarios para o labor de vixilancia que recollía o texto e que debería estudiarse a posibilidade de que dende un órgano superior (podería ser o Seprona ou calquera outro que tivera competencias) puidera facerse este labor.

O Sr. Docampo Fernández, continuou a súa exposición dicindo que non se trataba de "fastidiar" aos madeireiros, pero tampouco aos veciños nin as arcas municipais, que habería que tentar de acadar certa flexibilidade. Que, como dixera anteriormente, seguramente dende a Mancomunidade poderíase recorrer á Garda Civil ou a Policía para que fixeran o labor de vixilancia posto que senón corríase o perigo de que o concello non se enterase se era una superficie pequena e a corta facíase nun día. Por parte da Alcaldía indicouse que xa formularan este proposta ao Servicio de Montes pero dixeran que dende dito servicio non podían darse datos.

A continuación pediu a palabra o primeiro tenente de Alcalde, Sr. Vidal García, quen indicou que neste momento o estado das pistas estaba imposible por mor da chuvia caída e aínda que quixeran, era imposible amañalas pero que había que dar unha marxe de confianza aos madeireiros

porque, ata o día de hoxe, non houbo ninguén que non se comprometera a amañala cando se puidera.

Por parte da Alcaldesa, Sra. Álvarez García, indicouse que estudiarase a posibilidade de contratar a alguén dende a Mancomunidade para que desempeñara este labor de vixilancia, porque, efectivamente, dende os concellos, sobre todos os pequenos, ía a resultar complicado.

Seguidamente tomou a palabra a Sra. López García, voceira do P.S. de G.-P.S.O.E., quen manifestou que, unha vez aprobada a Ordenanza non existiría dito problema posto que os madeiros terían que comunicar ao concello a pista, a superficie e o día da corta, que ela o que vía difícil e máis problemático era o tema das fianzas, que o resto do texto vía ben, pero pola súa experiencia e coñecemento, consideraba que o depósito de fianzas ía a crear moito malestar no sector, que habería casos nos que pagarían 1.500 Euros pola corta e en cambio terían que facer un depósito de 2.000 euros de fianza, ao que non lle vía moita lóxica.

A Sra. Alcaldesa indicoulle que o único evidente era que ata o momento ninguén cumpría nada, que o Convenio asinárase no ano 2010 e dende entón, non se cumpriu, nin sequera, o presidente da Confederación coa que se asinaron o convenio, nin tampouco o delegado de dita Confederación no concello e que por iso tíñase que buscar unha solución e se ía consensuada por tódolos concellos, sen diferencias, sería moito mellor para todos.

Dado por finalizado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal, de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aproba-lo texto da ORDENANZA MUNICIPAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL que é o que se transcribe a continuación:

"PREÁMBULO

O importe conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal, induce a implantar unha normativa que, sen diminuír os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseguinte deterioro dos firmes.

O período transcorrido desde a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.-

En orde a reducir e eliminar paulatinamente esta situación, e ao abeiro das previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese a presente normativa.-

Así mesmo, invócase o artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, como motivación para o dictado das normas que se pretende na presente regulación, así como en materia de sancións por aplicación supletoria das disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

"TÍTULO I.- XENERALIDADES.

Capítulo 1.- Habilitación normativa.

Artigo 1.- *A presente Ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Réxime local 7/1985, dentro da esfera das súas competencias, entre as que se atopa*

segundo o establecido no Art. 25.2 d) da citada Lei, a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais.

Capítulo 2.- Obxecto e definicións.

Artigo 2.- O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais, dentro do termo municipal de Lourenzá exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos Artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

Artigo 3.- Definicións.

- Vía pública: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as avenidas, rúas, paseos, beirarrúas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, túneles, peonís, e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.
- Camiño: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por camiño o viario de dominio e uso público de terra de pequenas dimensións para tráfico local.-
- Estrada: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por estrada ás vías de dominio e uso público asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.-
- Cortas de madeira: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por corta a operación silvícola de apeo das árbores, entendéndose por corta de policía as cortas de mellora que afectan só o arboredo seco, enfermo ou danado.
- Sacas de madeira: Tarefas de extracción, depósito, carga e transporte de madeira procedente de talas forestais que ocupen ou afecten a vías de titularidade municipal.

TÍTULO II. USOS E APROVEITAMENTOS.

Artigo 4.- A finalidade das vías públicas é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso.

Quedan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Capítulo I. Limitacións a actividades en cuxo desenvolvemento se faga uso de vías públicas.

Artigo 5.- Circulación de vehículos pesados.

En función á climatoloxía ou a situación que o requira para a protección do firme e a seguridade dos viandantes, o tránsito de vehículos pesados poderá ser regulado segundo o tipo de vía, podendo establecerse a prohibición de circular a vehículos de máis de 10 Toneladas, ou segundo a tipoloxía da vía, a tonelaxe que proceda, exceptuando o tránsito por necesidades de auxilio.

Artigo 6.- Carga, descarga e transporte de materiais e entullos.

Os responsables de operacións de carga, descarga e transporte de materiais ou entullos procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se tiveran ensuciado como consecuencia das citadas operacións.

Aos efectos da presente Ordenanza considéranse responsables das operacións de carga, descarga e transporte de materiais ao conductor do vehículo sendo responsables solidarios o subministrador dos materiais e o adquirente dos mesmos. No caso de carga, descarga e transporte de entullos considéranse responsables ao conductor do vehículo e solidariamente ao promotor da obra que xerou ditos entullos.

Artigo 7.- Limpeza e reparación de vehículos en vía pública.

Queda prohibido lavar vehículos e maquinaria na vía pública, efectuarlles cambios de aceite ou outros líquidos, así como reparalos, salvo actuacións puntuais de emerxencia, debendo en todo caso proceder con posterioridade á limpeza da zona afectada.

Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles estremeiros con vía pública.

Artigo 8.- Conservación das cunetas e sumidoiros.

Tódolos propietarios das fincas limítrofes a vías públicas terán a obriga de conservar debidamente as cunetas e sumidoiros estremeiros coas súas propiedades. As labores periódicas de conservación efectuadas polo Concello non eximen ao propietario da súa obriga.

Queda expresamente prohibido o depósito nas cunetas de restos constructivos ou entullos, de materia vexetal, plásticos ou calquera outro elemento que poida supoñer unha obstrución das mesmas.

En caso de precisar colaboración por parte do Concello na conservación das mesmas comunicárase en tempo e forma debida co fin de minimizar os danos que poida ocasionar a súa obstrución. No caso de non comunicalo ao propietario estremeiro asumirá a responsabilidade dos posibles danos que se rexistren.

O Concello resérvase o dereito de realizar ou construír novas cunetas, taxeas ou sumidoiros, que permitan unha mellor distribución das augas co fin de diminuír o dano nas vías públicas e mellorar a súa conservación.

Artigo 9.- Limpeza de fincas e solares estremeiras con vías públicas.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, deste xeito:

a) As fincas de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte deberán permanecer limpas de broza, arbustos e vexetación de acordo co previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

b) É obriga dos propietarios/as das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación invada a vía pública, así como as escorrentas laterais, cunetas e pasos de auga.

c) Así mesmo, é obriga destes propietarios/as de fincas estremeiras coa vía pública, a poda ata unha altura de 4,5 metros das ramas dos árbores que partindo da súa propiedade invadan a vía pública. No caso de árbores de froita estarase ó disposto no artigo 591 do Código Civil.

d) En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste Artigo, o Concello poderá notificar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de limpeza de fincas estremeiras coa vía pública. Se no prazo de 15 días naturais os/as titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo o custo destes traballos ao/á propietario/a da parcela e, todo iso, sen prexuízo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que inicie o procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 10.- Plantacións.

Para os efectos da distancia de arboredo estarase ao regulado pola lei 7/2012 do 28 de Xuño de Montes de Galicia, (artigo 68) .

Artigo 11.- Arado e outros traballos agrícolas en fincas estremeiras coa vía pública.

O límite da aradura debe ser o límite do noiro ou do terraplén ata onde chegue a maquinaria sempre realizando o traballo dentro da propia finca sen invadir o camiño.

A invasión das cunetas debe de sancionarse. En concreto a apropiación das mesmas para a seu cultivo como si foran parte da finca estremeira.

Todos os traballos que impliquen emprego de maquinaria deberán efectuarse dentro dos límites da propia finca, quedando prohibida a realización de manobras de xirado, arrastre de apeiros ou calquera outra que poidan implicar danos á vía pública.

O arrastre de terras ou calquera outro material debido á entrada ou saída de maquinaria da vía pública deberá de ser retirada polo causante coa maior celeridade posible, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. En calquera caso, se no prazo de 24 horas non se produciu a súa retirada iniciarase o correspondente expediente sancionador.

Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan á vía pública.

Artigo 12.- Apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

Artigo 13- Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada, por razóns de interese particular poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre a vía pública, sempre que non alteren o tránsito normal. Estas deberán ser autorizadas polo órgano local competente.

Artigo 14.- Limitacións nos accesos das fincas particulares aos camiños.

O Concello pode limitar os accesos dende os camiños públicos ás fincas particulares e establecer con carácter obrigatorio os lugares en que teñen que construírse estes accesos por razóns técnicas.

Estes accesos ou salvacunetas deben construírse con tubaría de cemento ou similar con paramentos debidamente reforzados con formigón e cun diámetro mínimo de 40 cm, debendo permitir o libre transcorrer das augas ao seu través, mantendo o nivel correcto para elo. Excepcionalmente poderá obrigarse ao emprego dun diámetro superior cando sexa xustificable por razóns técnicas.

Os gastos de construción destes accesos correrán a cargo dos seus beneficiarios, e será tamén da súa responsabilidade o seu mantemento e substitución.

Os accesos ou salvacunetas manteranse permanentemente en perfecto estado, mantendo libre a luz dos tubos co fin de permitir o perfecto transcorrer das augas, en caso contrario, os danos causados nas vías públicas motivados polo seu atranco correrán a cargo do propietario do mesmo, reservándose o Concello o dereito de levantar dita entrada se con iso se minimizan os danos na vía, correndo os gastos de reposición por conta do seu propietario e todo iso sen prexuízo do inicio do correspondente expediente sancionador.

Art. 15.- Cerramentos e edificacións en fincas estremeiros coa vía pública.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

TÍTULO III.- LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

Artigo 16 .- De acordo co establecido no capítulo anterior será precisa licenza, autorización ou comunicación, segundo os casos, para as seguintes actividades:

- a) Para o uso das vías municipais na carga e transporte de madeira así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por esas vías e afecte ao seu estado ou conservación.
- b) Para o depósito de madeira ou outros materiais en vía ou espazo público.
- c) Para a construción de salvacunetas ou accesos ás fincas particulares.
- d) Para ocupacións temporais da vía pública.
- e) Para o cerramento de fincas estremeiras coa vía pública.
- f) Para a apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.
- g) Colocación de paneis publicitarios.

Artigo 17.- Comunicación para o uso das vías de titularidade do concello

1. Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexuízo dos permisos, autorizacións, comunicacións ou notificacións, que sexan outorgados polos organismos competentes na materia ou postos en coñecemento destes, establécese a obriga de comunicar perante o Concello as cortas de madeira que se realicen e que para a súa saca usen as vías de

titularidade municipal, así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por estas vías e afecte ao seu estado ou conservación establecéndose a obriga de solicitar o seu uso ao Ente Local.

A comunicación será realizada no concello antes de se iniciar a actividade e no caso das cortas ou talas de madeira, o comprador, ou titular da empresa madeireira responsable, antes de iniciar o aproveitamento para solicitar o uso das vías, entregará no concello unha copia do permiso, autorización comunicación ou notificación de que se trate, achegando xunto a comunicación dos traballos a realizar na que se especificarán os datos seguintes:

- a) Titular o titulares da finca ou monte afectado.-
- b) Datos do empresario madeireiro ou comercial extractora.-
- c) Data ou período previsto para a realización do transporte.-
- d) Previsión de Tns. a extraer.-
- e) Localización da finca ou monte afectado.-
- f) Lugar de depósito, camiños e vías de titularidade municipal a utilizar nos traballos e no transporte da madeira ou actividade de que se trate. Para estes efectos achegarase o ITINERARIO completo e datas da súa utilización que vai ser empregado para a actividade ou traballo de que se trate, que será aprobado, condicionado ou rexeitado polo concello.-
- g) Relación de vehículos que se van a utilizar no transporte facendo constar matrículas, tara e PMA de cada un deles.-
- h) Declaración responsable de reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.-
- i) O interesado na súa declaración entenderá que as vías públicas a utilizar atópanse en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar que será comprobado polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.-

Na comunicación farase constar a obriga e conformidade por parte do titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no lugar específico todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade.

Xunto coa comunicación presentárase o xustificante de ter depositada a fianza ou depósito, que se establece no punto segundo deste artigo por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

2.- O solicitante da autorización do punto anterior, ingresará un depósito ou fianza a favor do Concello, na Tesourería Municipal co obxecto de responder do arranxo dos danos que se puideran producir nos viarios municipais e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira, non reparados voluntariamente na contía que recolle o seguinte cadro e que será devolta de non haber danos ao rematar os traballos:

Tipo de Vía	Garantía
Camión	1 €/m lineal
Estrada	2 €/m lineal

As cantidades sinaladas no cadro anterior son para un movemento máximo de 260 Tn. debendo corrixirse por un factor multiplicador de 1,05 por cada intervalo ou fracción, de exceso na mesma cantidade.

3.- A devolución da fianza esixida neste artigo instárase mediante escrito dirixido ao Concello detallando que os traballos quedaron concluídos, así como no seu caso, os posibles danos causados, que deberá ser resolto pola Alcaldía no prazo dun mes trala inspección do servizo técnico municipal, ordenando a devolución pertinente ou requirindo ao titular da autorización para que execute as reparacións precisas.

Transcorrido un mes da resolución sen a realización das obras requiridas, o Concello procederá a execución subsidiaria a costa do solicitante, esixíndolle a este os custos que superen a fianza de ser o caso adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da autorización.

4.- Prohíbese realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viarios municipais e estruturas anexas, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga, axustándose á normativa de seguridade viaria e tráfico; en todo caso, as cunetas quedarán no estado primitivo que tiñan trala tala.

Os restos ou depósitos de materiais procedentes da tala, poda ou entresaca, non poderán invadir os viarios, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns.

5.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, o posuidor dunha autorización para a tala, depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar de forma inmediata (no prazo máximo de cinco días) os danos producidos nos viarios ou nas estruturas anexas, así como á retirada e limpeza dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.

Transcorridos cinco días dende o coñecemento dos danos, infracción ou acumulación de restos, o Concello poderá realizar con cargo á fianza depositada as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunicar a correspondente acción a desenvolver, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente levando aparelada a reposición das vías municipais ao seu ser e estado primitivo

TÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Capítulo I. Infraccións.

A potestade sancionadora fundaméntase pola aplicación do establecido no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño en base supletoria ás disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

Artigo 18.- Son infraccións leves:

- a) A produción de danos nos bens de dominio público, cando o seu importe non exceda de 10.000 euros.*
- b) O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos bens destinados a un servizo público polos usuarios do mesmo.*
- c) O incumprimento das disposicións que regulan o uso común xeneral dos bens de dominio público.*
- d) O incumprimento do deber dos titulares de concesións ou autorizacións de conservar en bo estado os bens de dominio público.*
- e) Colocación de paneis publicitarios fora dos lugares habilitados e realización de pintadas infrinxindo o establecido no artigo 16.g) da presente ordenanza.*
- f) Producir danos nas vías de titularidade municipal por manobras efectuadas con maquinaria no desenvolvemento de traballos agrícolas en fincas estremeiras coa devanditas vías, incluíndo o arrastre de terras ou doutros materiais.*
- g) Deixar abandonados nas vías de titularidade municipal restos de materiais ou entullos como consecuencia de operacións de carga, descarga ou transporte dos mesmos.*
- h) Falta de mantemento e limpeza de cunetas.*
- i) En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.*

Artigo 19.- Son infraccións graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade de 10.000 euros e non exceda de 1.000.000 de euros.
- b) A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas en bens de dominio público, cando produzan alteracións irreversibles neles.
- c) A retención de bens de dominio público unha vez extinguido o título que llexítima a súa ocupación.
- d) O uso común especial ou privativo de bens de dominio público sen a correspondente autorización ou concesión.
- e) O uso de bens de dominio público obxecto de concesión ou autorización sen suxeitarse ao seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron.
- f) A non suxeición e sometemento a licenza, obtida conforme ao procedemento previsto no artigo 16 da presente ordenanza.-
- g) As actuacións sobre bens afectos a un servizo público que impidan ou dificulten gravemente a normal prestación daquel.
- h) Producir danos nas vías de titularidade municipal por arrastre de apeiros ou maquinaria agrícola.-
- i) O depósito, carga e transporte de mercadorías sen a correspondente comunicación responsable.
- j) A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.
- k) Falta de mantemento e limpeza de salvacunetas e gabias.

Artigo 20.- Son infraccións moi graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade dun millón de euros.
- b) A usurpación de bens de dominio público.
- c) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías de titularidade municipal ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e cousas que circulen polas mesmas.
- d) Cando no caso de comisión de infraccións graves concorran algunhas das seguintes circunstancias:
 - a. Malicia ou intencionalidade.
 - b. Irreversibilidade do dano causado.
 - c. Reincidencia en dúas infraccións graves no período de un ano.

Capítulo II. Sancións.

Artigo 21.- Importe de sancións

A contía das multas establécense supletoriamente polas establecidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, por aplicación da potestade sancionadora recollida no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.-

- a) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 10 millóns de euros, as graves con multa de ata un millón de euros, e as leves con multa de ata cen mil euros.
- b) A infracción contemplada no parágrafo f) do artigo 18 sancionarase cunha multa de ata 10 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de comunicar a existencia dos saldos e depósitos abandonados, a contar desde o trixésimo día natural posterior a aquel en que naza esa obrigaón.
- c) Para graduar a contía da multa atenderase ao importe dos danos causados, ao valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte do responsable, e ao grado de culpabilidade deste; considerarase circunstancia atenuante, que permitirá reducir a contía da multa ata a metade, a corrección polo infractor da situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinala no correspondente requirimento.
- d) En caso de reincidencia en infraccións graves ou moi graves poderase declarar a inhabilitación do infractor para ser titular de autorizacións e concesións por un prazo dun a tres anos.

- e) *Con independencia das sancións que poidan impoñérselle, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que en cada caso fíxese na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións fixarase executoriamente polo órgano competente para impoñer a sanción.*

Entrada en vigor

A entrada en vigor da presente ordenanza será ao día seguinte da súa publicación no BOP."

SEGUNDO.- Derrogar, na súa totalidade, o texto da "Ordenanza municipal reguladora do uso e aproveitamento de vías públicas e pistas forestais no Concello de Lourenzá" que fora aprobada inicialmente polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día dezanove de novembro do dous mil doce (19/11/2012).

TERCEIRO.- Somete-la Ordenanza aprobada aos requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante un prazo de trinta días e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa os artigos 49 y 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

CARTO.- A Ordenanza aprobada entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

QUINTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEXTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo

b) Ordenanza Municipal Reguladora do Uso e Aproveitamento dos Espazos Públicos de Titularidade Municipal.

A continuación veuse o Texto da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO DOS ESPAZOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, e por parte da Alcaldesa indicouse que neste caso o texto era en liñas xerais o mesmo que fora aprobado no seu día , excluindo os parágrafos que facían referencia ás vías forestais.

Así, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aproba-lo texto da ORDENANZA MUNICIPAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL QUE é o que se transcribe a continuación:

"PREÁMBULO

As importantes inversións de diñeiro público realizadas en espazos de titularidade municipal e de dominio público, xustifican a necesidade de que se estableza unha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens.

En aras de contribuír a conservación destes espazos, e ao abeiro das previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así coma da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese a presente normativa, complementaria da Ordenanza Reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal.

TÍTULO I.- XENERALIDADES.

Capítulo 1.- Habilitación normativa.

Artigo 1.- A presente Ordenanza díctase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Réxime local 7/1985, dentro da esfera das súas competencias, entre as que se atopa segundo o establecido no Art. 25.2 d) da citada Lei, a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística.

Capítulo 2.- Obxecto e definicións.

Artigo 2.- O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento dos espazos públicos que non quedan recollidos na Ordenanza Reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal, dentro do termo municipal de Lourenzá, exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos Artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

Artigo 3.- Definicións.

- Espazo público: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as avenidas, rúas, paseos, beirarrúas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, túneles, peonís, pistas forestais e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.
- Animais domésticos: Animais de compañía ou mascotas.
- Circos, atraccións e eventos: Espectáculos públicos eventuais.

TÍTULO II. USOS E APROVEITAMENTOS.

Artigo 4.- A finalidade dos espazos públicos é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso.

Quedan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Capítulo I. Limitacións a actividades en cuxo desenrolo se faga uso dos espazos públicos.

Artigo 5.- Circos, atraccións de feiras e similares.

Aquelas actividades que polas súas características especiais precisen utilizar espazos públicos, como circos, atraccións de feira, bares ou cantinas, eventos deportivos ou culturais e outras similares estarán sometidas á correspondente autorización municipal, de acordo co previsto no Título II da presente Ordenanza.

O solicitante da autorización para a instalación da atracción de feira, circo ou similar estará obrigado a proceder á limpeza do espazo público e á reparación dos danos que puidesen ocasionar nesta como consecuencia da instalación ou funcionamento das citadas atraccións.

Artigo 6.- Carteis, paneis publicitarios e pintadas.

Queda prohibida a colocación de carteis fóra dos lugares públicos autorizados polo Concello para tal fin. En caso de incumprimento considerarase responsable á persoa que colocou os carteis no caso de que fora posible identificala e subsidiariamente ao anunciante.

Así mesmo, prohíbese a realización de toda clase de pintadas na vía pública, xa sexa en calzadas, beirarrúas, muros ou mobiliario urbano. Exceptúanse as pintadas autorizadas polo Concello e aquelas outras pintadas ou murais de contido artístico realizadas con autorización do propietario.

Serán obxecto de licenza municipal a colocación de paneis publicitarios, tanto nas vías públicas como nas fincas particulares, podendo establecerse dende o Concello o lugar exacto de colocación, así como prohibirse as mesmas por razóns de seguridade, estética ou calquera outra índole.

Artigo 7.- Animais domésticos.

Os/As propietarios/as ou o/a posuidor/a de animais domésticos deberán, de forma inmediata, retirar e recoller os excrementos da vía pública, debendo proceder á limpeza da zona que tiveran ensuciado.

Así mesmo, os propietarios de animais domésticos deberán en todo caso cumprir coas obrigas establecidas no Regulamento de desenrolo da Lei de 13 de abril de 1993, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade.

Non poderán pasear polos espazos públicos os animais domésticos sen as adecuadas medidas de seguridade nin utilizar as terrazas ou outros habitáculos con acceso á vía pública se non están adecuadamente illados co fin de non intimidar aos viandantes.

Artigo 8.- Terrazas privadas con fines lucrativos.

Os establecementos hostaleiros poderán aproveitar as vías e terreos de uso público para colocar terrazas mediante a ocupación con mesas, cadeiras, veladores ou calquera outros elementos de natureza análoga con finalidade lucrativa, cumprindo os seguintes requisitos:

a) Serán obxecto de licenza municipal. As persoas ou entidades interesadas na obtención dos aproveitamentos regulados neste artigo deberán solicitar previamente a correspondente licenza, na que incluírán declaración na que figure a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán as declaracións formuladas polos interesados, a fin de reservarse a concesión da licenza se non cumpre co disposto neste artigo así como cunha estética en consonancia co entorno.

c) Queda totalmente prohibido o uso das beirarrúas municipais para a colocación de terrazas. Os que así o soliciten poderán facer uso das prazas de aparcamento, previa solicitude por parte do interesado.

d) A concesión da autorización notificarase aos interesados xunto coa liquidación das taxas recollidas na ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VO DAS VÍAS PÚBLICAS. Sempre condicionada a licenza ao pago previo das mesmas. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non se abone o importe da Taxa.

e) Calquera incumprimento do anteriormente exposto dará lugar á anulación da licenza, sen prexuízo do pago da taxa e das sancións e recargas que procedan.

f) As licencias poderán outorgarse anualmente ou pola tempada que se utilice, sempre polo período mínimo dun (1) mes. No caso de licenzas anuais, estas enténdense prorrogables sempre e cando non haxa unha solicitude de baixa por parte do interesado en tempo e forma. As licenzas por tempada deberán ser solicitadas con antelación suficiente para tempadas sucesivas.

g) O solicitante da autorización para a instalación dunha terraza privada con fins lucrativos estará obrigado a proceder á limpeza da vía pública e á reparación dos danos que puidesen ocasionar nesta como consecuencia da instalación ou funcionamento das citadas terrazas.

Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles colindantes con vía pública.

Artigo 9.- Exteriores de inmobles.

Os propietarios de establecementos comerciais, edificios e vivendas deberán mantelos nas debidas condicións de salubridade e ornato público, conservando e mantendo adecuadamente as fachadas, entradas e instalacións complementarias, como antenas de televisión, chemineas e calquera outro elemento ou parte do inmovible visible dende a vía pública.

Artigo 10.- Limpeza de fincas e solares estremeiros con espazos públicos.

As fincas que linden con espazos públicos deberán manterse nas condicións establecidas nas leis autonómicas.

Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan a espazos públicos.

Artigo 11- Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada, por razóns de interese particular poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre os espazos públicos, sempre que non alteren o tránsito normal.

TÍTULO III.- LICENCIAS E AUTORIZACIÓNS.

Artigo 12 .- De acordo co establecido no título anterior será preciso licenza ou autorización para as seguintes actividades para:

- a) A instalación de circos, atraccións de feira, bares ou cantinas, eventos deportivos o culturais e similares.
- b) As ocupacións temporais da vía pública.
- c) A colocación de terrazas privadas con fines lucrativos.
- d) A colocación de paneis publicitarios.

Art. 13.- Autorización para a instalación de circos, atraccións de feira e similares.

1.- Con independencia das autorizacións esixidas pola normativa sectorial aplicable, non se poderá proceder á instalación en vía pública de circos, atraccións de feira e outras similares sen a correspondente autorización municipal, que se solicitará con antelación á data de inicio dos traballos de montaxe da atracción.

2.- A solicitude da correspondente autorización poderá efectuarse polo propietario da atracción ou polos seus representantes, polo arrendatario da mesma ou pola persoa ou entidade que asuma de facto a explotación da citada atracción.

3.-As solicitudes de autorización para a instalación de circos, atracción de feira e similares, bares e cantinas, acontecementos deportivos e culturais, deben incluír ao menos os seguintes datos:

- Datos do solicitante (Nome e apelidos ou razón social, dirección, N.I.F./C.I.F. e teléfono).
- Sinatura do solicitante.
- Identificación da vía ou espacio público no que se vai proceder á instalación da atracción, con indicación da superficie que se vai a ocupar.
- Tipo de atracción que se vai a instalar.
- Duración da ocupación da vía pública (día e hora aproximada na que se vai a iniciar a montaxe e día e hora na que se procederá á retirada da atracción).

4.-Tralo exame da solicitude o Concello poderá condicionar a autorización para a instalación da correspondente atracción ó depósito dunha fianza, por calquera dos procedementos establecidos na lexislación vixente, cuxa contía será determinada por un técnico municipal para responder do ensuciamento ou danos producidos no espazo público como consecuencia do desenvolvemento de dita actividade.

TÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNES.

Capítulo I. Infraccións.

Artigo 14.- Son infraccións leves:

a) Colocación de carteis fora dos lugares habilitados e realización de pintadas infrinxindo o establecido no art. 6 da presente Ordenanza.

b) Colocación de terrazas privadas para fins lucrativos sen a correspondente licenza municipal.

Artigo 15.- Son infraccións graves:

a) Non manter as condicións exteriores dos inmobles descritas no artigo 9.

b) Calquera dano efectuado sobre un espazo público.

c) A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.

Artigo 16.- Son infraccións moi graves:

a) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías públicas ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e cousas que circulen polas mesmas.

- b) *Non manter as condicións exteriores dos inmobles descritas no artigo 9 en condicións tal que poñan en risco a seguridade dos viandantes*
- c) *Cando no caso de comisión de infraccións graves concorra algunha das seguintes circunstancias:*
 - a. *Malicia ou intencionalidade.*
 - b. *Irreversibilidade do dano causado.*
 - c. *Reincidencia en dúas infraccións graves no período de un ano.*

Capítulo II. Sancións.

Artigo 17.- *A contía das multas establécese conforme á Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime local.*

1. *As infraccións leves serán sancionadas con multa de 30 a 180 euros.*
2. *As infraccións graves serán sancionadas con multa de 180,01 a 250 euros.*
3. *As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 250,01 a 300 euros.*

Artigo 18.- *Cando as infraccións afecten ao dominio do Camiño de Santiago estarase ao establecido na 3/1996, de 10 de maio, reguladora da protección dos Camiños de Santiago.*

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, que foi aprobada polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día _____, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor hasta que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

SEGUNDO.- *Somete-la Ordenanza aprobada aos requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante un prazo de trinta días e anúncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa os artigos 49 y 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril.*

TERCEIRO.- *A Ordenanza aprobada entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

CARTO.- *Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.*

QUINTO.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo*

C) Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola entrada e visita ao «CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABA».

Por último neste terceiro apartado, e tras indicarse pola Sra. Voceira do Partido Popular, Flórez Seivane, que trala sinatura do Convenio co Bispado de Mondoñedo- Ferrol para regulariza-las visitas da Igrexa e do Museo de Arte Sacro e considerando que podería unirse ao paquete a visita do Centro de Interpretación da Faba posto que había grupos que o demandaran, estúdiouse a posibilidade de cobrar a entrada ao mesmo cando se tratara de visitas guiadas, pola contra, cando fora xornadas de portas abertas, como no caso da Festa da Faba, a entrada sería gratuíta. Continuou

dicindo que pola experiencia que tiña como mestra e polas viaxes que facía cos seus alumnos, tentarían de facer unhas unidades didácticas a base de xogos e outras actividades para atraer ás visitas escolares.

Aberto-lo debate, tomou a palabra o concelleiro do BNG., Sr. Docampo Fernández quen apuntou a posibilidade de se podería facerse un prezo especial aos grupos escolares , e tras unha breve deliberación e posta en común entre todos, acordouse fixar uns prezos especiais para visitas escolares que sería para o primeiro tramo de ata cincuenta alumnos, doce (12,00.-) Euros, e despois de doce en doce euros para cada tramo de 50 alumnos.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de doce, ACORDA:

PRIMEIRO.-Aprobala Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola entrada e visita ao "CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABÁ", sendo o seu contido literal o que segue:

ARTIGO 1. Obxecto

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba el Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, establece o presente prezo público pola entrada e visita do "CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABÁ".

ARTIGO 2. Feito Impoñible

O feito impoñible está constituído pola entrada e visita ao recinto que ocupa o CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABÁ.

ARTIGO 3. Obrigados ao Pago

Están obrigados ao pago do prezo público regulado na presente Ordenanza, todas aquelas persoas físicas que soliciten acceder ao «CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABÁ».

ARTIGO 4. Contía

O importe dos prezos públicos serán os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE
Entrada Individual, por persoa	1,50 €
Entrada Individual Menores de 18 anos	1,00 €
Entrada Individual Maiores de 65 anos e Xubilados	1,00 €
Entrada de Grupo (Mas de 10 persoas)	1,00 €
Visitas Escolares ata 50 alumnos	12,00 € por grupo
Visitas Escolares de 50 a 100 alumnos. (Incrementarase 12,00 Euros por cada aumento de tramo de 50 alumnos).	24,00 € por grupo

As contías do prezo público reguladas na presente Ordenanza gravaranse co IVA correspondente do 10%.

ARTIGO 5. Obrigación e Forma de Pago

A obrigación de pagar o prezo público nace dende o momento no que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade. El pago del prezo público farase efectivo en metálico en el momento del acceso ao «CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABÁ» de la persoa obrigada ao pago, a quen daráselle un recibo numerado e selado.

A obrigación de pagar o prezo público nace dende que se inicia a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Cando por causas no imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste o desenvolva, procederáse á devolución del importe correspondente.

ARTIGO 6. Infraccións e Sancións

As débedas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio e de conformidade coa normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 7. Lexislación Aplicable

En todo o que non estea previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local, la Lei Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, que foi aprobada polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día _____, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* permanecendo en vigor hasta que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

SEGUNDO.- Somete-la Ordenanza Fiscal aprobada aos requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante un prazo de trinta días e anuncio por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa os artigos 49 y 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril.

TERCEIRO.- A Ordenanza Fiscal aprobada entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo

11º.- ESCRITO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUGUESA REFERENTE Á MODIFICACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Neste punto do orde do día , pola voceira do Partido Popular, Sra. Flórez Seivane deuse conta do escrito achegado pola Mancomunidad de Municipios da Mariña Luguesa, de data 12/03/2013, con núm.20 de rexistro de saída, que tivo entrada nestas oficinas municipais o día 14/03/2013, sendo rexistrado co núm. 342 de entrada e no que se explica que a Mancomunidad de Municipios da Mariña Luguesa ten iniciado de oficio o expediente para modificación dos seus Estatutos, xa que deben adaptarse a pedimento por renuncia á pertenza a esta Mancomunidad dos concellos de Abadín e Viveiro e que a adopción do acordo que se propón é unha simple formalidade.

Aberto-lo debate, por parte do concelleiro do BNG., Sr. Docampo Fernández preguntouse se coñecían as razóns ou argumentos da marcha dos dous concellos aludidos, ao que por parte do Sr. Martínez - Sierra contestóuselle que era un tema que viña de vello, que no caso de Abadín, por

motivos xeográficos e no caso de Viveiro, porque sempre mantivo e reclamou que, dado que a súa aportación económica era maior, posto que se aporta unha cantidade fixa e outra en funcións do número de habitantes, tamén o peso do seu voto debía ser maior e non igual ao resto dos concellos.

Visto que o Pleno da Mancomunidade da Mariña Luguesa na sesión celebrada o pasado 03/12/2012 aprobou a Modificación do artigo primeiro, referente a Composición e Denominación, dos citados estatutos.

Visto que o acordo inicial de modificación foi exposto ao público mediante anuncio no BOP núm. 24 do 29/01/2013 sen que se presentaran reclamacións durante dito período.

Visto que foron requiridos os informes da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e da Deputación Provincial de Lugo, emitíndose ambos en sentido favorable,

O Pleno do Concello de Lourenzá, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar, en cumprimento do disposto no artigo 143, apartado 1, alínea c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a modificación do Artigo 1 dos Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa, a pedimento dos Concellos de Abadín e Viveiro e no sentido seguinte:

A súa redacción actual é:

"Artigo 1.- Composición e Denominación:

*Coa denominación de "**Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa**" e integrado polos concellos de **Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove**, constitúese dita entidade local, ao abeiro do establecido nos artigos 135 e seguintes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e na lexislación básica estatal, con personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos fins específicos establecidos nestes Estatutos."*

A modificación proposta e aprobada é:

"Artigo 1.- Composición e Denominación:

Coa denominación de "Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa" e integrado polos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo e Xove, constitúese dita entidade local, ao abeiro do establecido nos artigos 135 e seguintes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e na lexislación básica estatal, con personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos fins específicos establecidos nestes Estatutos."

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo a Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa, con sede no Concello de Barreiros, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Faculta-la Sra. Alcadesa para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

12º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A AVALIACIÓN E REPARACIÓN DAS DEFICIENCIAS EXISTENTES NO ALUMADO PÚBLICO.

En primeiro lugar e chegado este punto da orde do día, por parte da Alcaldía deuse a palabra ao concelleiro do BNG., Sr. Docampo Fernández para que explicara o contido da súa Moción e por este indicouse que o texto facía referencia a algunhas zonas pero que non eran as únicas, que había máis e que nalgún caso concreto, como no caso de Pousada no que o tendido eléctrico está á vista, podía ser moi perigoso. Continuou dicindo que el non tiña nada que dicir ao tempo de resposta do concello, que era coñecedor que dende que se chamaba, amañábase de seguida, pero a iso podería chamarse reparación de "urxencia" pero non "servicio de mantemento", porque para iso habería que atopa-los fallos e reparalos, senón sempre ía a pasa-lo mesmo, de feito era raro que como chovera, non saltara e estaba ocorrendo dous o tres veces por semana e incluso presentábase un problema de seguridade viaria, porque había beirarrúas nas que, se existe algunha focha, estas non se ven e se ocorrera algún accidente, poderían demanda-lo concello. Seguiu dicindo que o importante era atopa-los fallos porque ao mellor era algo pequeno que non custaba moitos cartos o seu amaño.

Pola súa parte, a Sra. López García, voceira do P.S. de G.-P.S.O.E. indicou que ela estaba totalmente de acordo co manifestado polo Sr. Docampo Fernández e que se facía falla que o persoal do concello lle dedicara máis tempo ao amaño dese alumado, que se dera preferencia fronte outros traballos e o fixera o máis axiña posible.

Por parte do primeiro tenente de Alcalde, Sr. Vidal García, informouse de que estábase tratando de atopa-la solución, concretamente no alumado que máis saltaba, pero que tiñan que ir por tramos e non era doado e que ademais había vintecatros alumados no concello e soamente eran dous os que fallaban, porque nos demais eran problemas menores, normais en calquera instalación eléctrica.

Seguidamente tomou a palabra a Sra. Alcaldesa para confirmar, por un lado, que o concello daba resposta o máis axiña posible, que de feito, nos contratos de mantemento con empresas alleas, o tempo de resposta pode ser ata de 48 horas, e aquí, pola contra, amañase case inmediatamente incluso cando ocorre pola noite se dan o aviso a primeira hora e que por certo había veciños afectados (e fixo alusión, sen nomear, a un compañeiro de lista do concelleiro do BNG) que chamábase a horas bastante intempestivas, e de feito un día o fíxoo ás 23:01 e as 23:34 xa estaba amañado o fallo; e por outro, tamén explicou que o Concello pedira una subvención conxuntamente cos concellos de Trabada e A Pontenova para facer un estudio do estado dos alumados públicos e para aforro enerxético e polo tanto pedía que agardasen un pouco porque se concedían a subvención, poderíanse examinar detidamente os alumados e faríase un estudio en condicións e ademais tamén tiña nestes días unha reunión coa FEGAMP para estudia-los temas do gasto nos consumos eléctricos.

Pola Alcaldía propúxoselle transaciona-la moción presentada polo BNG. no sentido de modifica-lo punto segundo e engadir "*que o concello faríao dentro das súas posibilidades*" e "*con persoal propio ou alleo*", xa que o último parágrafo do punto segundo da Moción podía entenderse no sentido de que o persoal do concello non era competente nin responsable.

A continuación volveu a tomala palabra o Sr. Docampo Fernández para insistir en que en ningún momento votaba a culpa ao persoal do concello, ao contrario, posto que pensaba, como xa dixera ao principio, que a resposta era rápida e moi boa e era da opinión de que o persoal do concello sabía o que facía, pero que pasaran xa seis meses do ano e a situación seguía igual e que por respecto aos veciños tíñase que adoptar algunha medida.

Por parte do representante do BNG. aceptouse dita modificación e en consecuencia, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDOU aproba-la moción presentada polo BNG. e nos seguinte termos:

"Ben sabido é que cando hai unha pouca de chuvia, rúas enteiras se quedan sen alumado por deficiencias na instalación, mesmo barrios enteiros que supostamente colgan do mesmo circuíto eléctrico, estes feitos reproducense xa dende hai moitos meses nas rúas de Lourenzá, cando hai chuvia, aínda que non exclusivamente. Rúas como Campo da Feira, Pista de Chao, Rego Vilazo, Obispo Villaroel, Muíño do Frade ou Secretario Luís Iglesias ou mesmo a Avenida Calvo Sotelo son algunhas das que resultan afectadas.

Este problema non só esta a xerar malestar ou dar unha pobre imaxe, senón que supón un grave problema de seguridade viaria xa que algunha das rúas afectadas incluso carecen de beirarrúas, en caso de telas, circular por elas a escuras resulta moi perigoso para a seguridade dos peóns.

ACORDO:

1º) Que o Concello elabore ou contrate un estudio técnico, realizado por persoal competente, co fin de encontrar a avaría o avarías para así poder cuantificalas e orzamentalas do mellor xeito posíbel.

2º) Que unha vez encontrada e avaliada a correspondente ou correspondentes avarías, dentro das súas posibilidades e coa máxima prioridade, se proceda á súa reparación por parte do persoal competente e responsábel (propio ou alleo)."

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo ningún rogo por parte de ningún dos grupos políticos da oposición, pasouse a Rolda das preguntas, sendo formuladas as seguintes:

I) Por parte do representante do B.N.G., Sr. Docampo Fernández formuláronse as seguintes:

a) Queda tanta cantidade pendente nos dereitos recoñecidos, é dicir deixase tanto sen cobrar dun ano para outro?

Pola Secretaría - Intervención indicouse que normalmente o primeiro ano de exercicios pechados era cando máis recadábase , e dicir no ano 2012 o que quedou pendente do 2011 e que despois íase pouco a pouco, e que efectivamente no capítulo 1(IBI e Vehículos) soía quedar pendente cerca de vinte mil euros e despois podía ir cobrando máis o menos o 60 o 70%.

b) Que é Orus Enerxía?

Contestoulle o Sr. Vidal Martínez-Sierra López para dicir que tratábase dunha empresa comercializadora, que nun momento determinado cambiouse porque por medio dunha empresa, de feito a que creou unha plataforma para levar as reclamacións dos particulares ante as eléctricas, fíxose un estudio e era a que facturaba máis barato e cambiáronse os recibos que se puideron.

Por parte da Alcaldesa aclarouse que agora ORUS desapareceu, e no seu lugar, factura Audax, pero soamente uns meses porque agora volveuse outra vez a EON.

II) Por parte da voceira do P.S. de G.-P.S.O.E., Sra. López García, formuláronse as seguintes:

a) Existe posibilidade de cambio de horario das sesións plenarias e pasalas a pola tarde?.

- Pode facer unha proposta por escrito para que poda ser estudada por esta Alcaldía.

b) Pódese colgar na Web do concello as actas dos Plenos e das Xuntas de Goberno?.

- Estase traballando nese tema e tamén para poder colga-las ordenanzas completas. Á pregunta das concelleiras do partido socialista sobre

se podíase colgar tamén na páxina web novas dos grupos políticos, pola Alcaldía contestóuselle en sentido negativo, que non era apropiado posto que a páxina web tiña un carácter institucional.

c) De que son as sinais con cruces que aparecen por todo o Concello?

- Non se sabe, preguntouse a Delegada Territorial da Xunta e díxolle que non eran da Xunta.

(Tras unha posta en común de novas por parte de todos, pensouse que poderíase tratar dun levantamento fotogramétrico)

d) Sábese algo dos curso de accións formativas que solicitou o Concello? concedeuse algún?

-Por agora non comunicaron nada pero cando se saiba anunciarase na paxina Web do concello e daráselle publicidade ademais por outros medios.

III) Por parte da Sra. Dengra Sixto, concelleira do P.S. de G.-P.S.O.E.:

a) Cando vaise face-la rampa do Colexio?

- Faina a Xunta de Galicia e os tempos manéxanos eles, o que asinouse foi un Convenio para amaña-la estrada que vai ao Colexio.

Nesta pregunta pola Alcaldía aclarouse que o xornal que dérase aos nenos fora con ocasión da reportaxe que publicábase sobre o Domingo de Piñata e non por outras declaracións súas sobre estas obras que, por pura casualidade, aparecían tamén nese mesmo número.

E non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Sra. Alcaldesa - Presidenta levántase a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, estendéndose do seu resultado a presente acta, reflexo do feitos acaecidos no transcurso da mesma, do que, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA, A SECRETARIA-INTERVENTORA,